



**ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE HOSTALERÍA DA
PROVINCIA DA CORUÑA**

En Santiago de Compostela, a 18 de abril de 2023 ás 12.00 h, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnen-se as persoas a continuación mencionadas, e que forman a Comisión Paritaria do Convenio Colectivo do Sector de Hostalería da provincia da Coruña

Parte Empresarial:

Carlos Cruzado Maqueda (Hospeco e Unión Hotelera de Compostela)
Esteban Iglesias Martínez (Unión Hotelera de Compostela)
Marcos Castro Santa Cruz (Asociación provincial de Empresarios de Hostalería da Coruña)
Carlos Rodríguez Núñez (Asociación provincial de Empresarios de Hostalería da Coruña)
Andrea Díaz Rodríguez (Asociación provincial de Empresarios de Hostalería da Coruña)
Emilio Vázquez Rey (Asociación de Hostalería de Ferrol e Comarcas)
Juan Agra Requeijo (Asociación de Hostalería de Santiago de Compostela)
Ramón García Seara (Asociación de Hostalería de Santiago de Compostela)

Parte Sindical:

UGT-Galicia

Juan Manuel Carreira García
Elena Martínez López

SN de CC.OO. de Galicia

José Francisco Mirás Pérez

Logo do oportuno debate e exposición de posturas por todas e cada unha das representacións presentes, sobre as consultas efectuadas a esta Comisión e que son obxecto da presente xuntanza, procede reflectir en Acta o seguinte .-

1. Consulta de 4MH Hoteles sobre o artigo 35.

Esta Comisión aclara que o plus débese aboar se non se ofrece a formación ao 100% das persoas traballadoras.

Calquera plan de formación externo debe ser comunicado á Comisión paritaria deste convenio, debendo cumprirse os requisitos recollidos no artigo 35.

2. Consulta de NORDFOOD Galicia sobre o artigo 35.

Esta Comisión aclara que o plan de formación externo debe ser comunicado á Comisión paritaria deste convenio, debendo cumprirse os requisitos recollidos no artigo 35, non sendo competencia da Comisión paritaria do Convenio certificar a dita formación.

3. Consulta de Asesoría Nogallás ~~sobre~~ o artigo 35.

Esta Comisión aclara que a ~~representatividade~~ á que fai referencia o artigo ~~35~~ debe referirse ao ámbito provincial.



4. Consulta de CUALTIS sobre o artigo 35.

Sobre a primeira pregunta, esta Comisión aclara que a formación en materia de prevención de riscos laborais non exonera do pagamento do plus establecido no artigo 35.

Sobre a segunda pregunta, esta Comisión aclara que a formación incluída nos plans d formación aos que se refire o artigo 35 sería toda aquela que sexa necesaria para facilitar unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral que satisfaga ás esixencias competitivas das empresas do sector e que, ao mesmo tempo, satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal das persoas traballadoras, formándoos para o desempeño cualificado das distintas profesións.

Sobre a terceira pregunta, esta Comisión aclara que os centros que poden impartir formación é calquera centro homologado pola Administración.

5. Consulta de DELTA PC Informática y electrónica

Respecto desta consulta, a Comisión entende que as comunicacións deben dirixirse á sede desta, sita na rúa Salvadas, 29, Santiago de Compostela (loais da Asociación Hostalería Compostela), tal e como recolle o artigo 32 do Convenio Colectivo.

6. Consulta de PIZZERÍAS CABALACHE SL sobre a aplicación das táboas salariais.

Respecto desta consulta a Comisión aclara que, en referencia ás táboas salariais referentes a restaurantes, casas de comida e tabernas que serven comidas, a táboa cuarta será de aplicación a aqueles restaurantes de un garfo e casas de comidas e tabernas que non teñan asignadas garfos. A táboa terceira será de aplicación a aqueles restaurantes de dous garfos. A táboa segunda será de aplicación a aqueles restaurantes de tres garfos. A táboa primeira será de aplicación a aqueles restaurantes de catro garfos. E táboa luxo será de aplicación a aqueles restaurantes de cinco garfos

7. Consulta de SUÁREZ ASESORES sobre a aplicación do cálculo do plus de nocturnidade.

Respecto desta consulta, a Comisión non puido chegar a acordo e, polo tanto, non se pronuncia ao haber discrepancias sobre a interpretación.

8. Consulta de FISCAL GALICIA sobre a aplicación do plus de nocturnidade.

Respecto desta consulta, a Comisión non puido chegar a acordo e, polo tanto, non se pronuncia ao haber discrepancias sobre a interpretación.

9. Consulta de GRUPO HOTUSA sobre o contrato de formación.

Respecto desta consulta, a Comisión acorda analizala na vindeira xuntanza.

non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza, sendo as 14.30 h do día sinalado o encabezamento, estendéndose ao efecto a presente Acta que asinan todos os asistentes en boia de conformidade.